



Recomendacións sobre algúns aspectos da sinalización horizontal

A instrución 8.2 ic de marcas viais dá indicacións de como deberá pintarse unha estrada, nembargantes nalgúns eidos admite varias solucións. A fin de homoxeneizar criterios sobre algúns aspectos de sinalización horizontal é polo que se redactan estas recomendacións que fan referencia a algúns aspectos concretos, como son:

1. Nas estradas que teñan carrís adicionais de adiantamento, a finalización destes farase pechando o carril da esquerda. Deste xeito, é o vehículo máis rápido o que se incorpora sobre o fluxo máis lento.
2. O eixo de separación de sentidos onde existen os carrís adicionais que se indican no anterior apartado, recoméndase que se pinte do seguinte xeito: liña continua de 10 cm, separación de 10 cm e outra liña continua de 10 cm (marca M-2.3 da 8.2 ic), preferiblemente con resaltos cada 15 cm en ambas. Na separación existente entre as marcas viais de 10 cm ubícaranse captafaros de dobre cara branca. Se hai un treito de adiantamento de baixada, aínda que non é desexable en xeral, pintárase de acordo coa marca M-3.2 ou M-3.3 según o caso. De subida sempre será continua.
3. Nos carrís segregados para xiros á esquerda pintárase de xeito xenérico con "ceda o paso" (M-6.5) a fin de non banalizar a marca de "STOP" (M-6.3 e M-6.4) que só se empregará, de xeito excepcional, en cruces que teñan algunha característica especial que así o requira, debéndose xustificar a adopción desta medida. Recoméndase o reforzo das marcas viais destes carrís con resaltos termoplásticos cada 15 cm.
4. A indicación de fin de adiantamento debe facerse coa frecha de retorno (marca M-5.5 da 8.2 ic) cando a estrada sexa de sección igual ou superior á sección 6,50/9. Non debe utilizarse a aproximación de liñas proposta na 8.2 ic (M-1.9 e M-1.10) porque resulta enganosa aumentando a aparencia dunha liña continua maior da real. Nas seccións menores de 6/7 pódese valorar a oportunidade ou non de pintar a frecha de retorno, aínda que non adoita ser imprescindible dadas as características destas vías.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2009

O director xeral de Obras Públicas



Manuel Morato Miguel